

XORNADAS SOBRE O NOVO REGULAMENTO DAS TELECOMUNICACIÓNS

[EGAP, Santiago de Compostela, 9 e 10 de decembro do 1998]

Ana M^a Giráldez Riveiro

Bolseira da EGAP

Estamos asistindo ó cambio máis transcendental na ordenación das telecomunicacións que tivo lugar en toda a historia do noso país, un marco no que todo é novo e todo está por facer, onde o grande reto da nosa sociedade será a capacidade de adaptación-. Esta foi a idea central sobre a que xirou o desenvolvemento das xornadas acerca do novo regulamento das telecomunicacións, realizadas na Escola Galega de Administración Pública os días 9 e 10 de decembro de 1998, xornadas que destacaron pola súa especial intensidade, a asistencia dun público especializado e moi interesado, así como pola calidade dos relatores e pola presenza de voces de recoñecido prestixio no mundo das telecomunicacións.

A Directiva 96/19/CE da Comisión, do 13 de marzo, coñecida como a directiva da plena competencia¹, fixou, entre outras medidas, o 1 de xaneiro de 1998 como data na que se faría efectiva a liberalización tanto da telefonía vocal (único sector non liberalizado), como da creación e subministración de infraestruturas. España, aínda que un pouco máis tarde

¹ Vid. DOCE 22/03/96

(1 de decembro de 1998), fíxoo a través da publicación da Lei 11/98 xeral de telecomunicacións² (en adiante LXT).

A entrada en vigor o 1 de decembro do 1998 da dita lei e con ela a liberalización do sector, constituíu o punto de partida das xornadas. Desde esta singular data, o servizo telefónico básico e as infraestruturas de telecomunicacións ábrense definitivamente a tódolos operadores que desexen participar na súa oferta.

A dirección da mesa correu a cargo do profesor **D. Francisco José Alegría**, director técnico da *Revista del Derecho de las Telecomunicaciones e Infraestructuras en Red*³, ó que máis tarde substituiría como coordinador das xornadas **D. Juan Miguel de la Cuétara Martínez**, catedrático de dereito administrativo e director da publicación *REDETI*. O primeiro deles manifestoulle-la súa satisfacción e o seu agradecemento ós asistentes e en especial á EGAP pola súa iniciativa na montaxe e na organización destas xornadas que espera que se convertan nun punto de referencia para a organización de cursos posteriores ou xornadas máis específicas.

O acto de inauguración das sesións estivo presidido por **D. Domingo Bello Janeiro**, director da EGAP, quen resaltou xunto á importancia e á transcendencia que as redes de comunicación teñen en tanto transmisoras da información, a necesaria reforma do seu marco lexislativo produto das esixencias comunitarias, e o carácter dinámico do sector. Esta necesidade, en parte, vese cuberta coa publicación da Lei xeral do 24 de abril de 1998 de telecomunicacións e disposicións complementarias. Un aspecto importante e do que quixo deixar constancia é o da filosofía de servizo público e solidariedade que implica todo *servicio de carácter universal*. Estamos falando dun servizo que debe ser prestado, segundo o Consello de Europa, a tódolos que o soliciten no conxunto do territorio a un prezo asequible e de acordo cunha calidade determinada.

Na primeira sesión destas xornadas, os expertos analizaron os aspectos máis relevantes da adaptación á nova normativa das telecomunicacións. Abrindo a sesión matinal expuxéronse, desde a perspectiva europea, dous interesantes relatorios, «A liberalización e introducción da competencia nas comunicacións da Unión Europea» e «Reglas básicas comunitarias en materia de telecomunicacións», ámbalas dúas a cargo de **D. Manuel Avedaño Gascón**, enxeñeiro de telecomunicacións e director de Asuntos Regulatorios da Unión Europea de Telefónica, S.A. Esta

² Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións. BOE n.º. 99, do 25 de abril do 1998; C. err. BOE 08/07/98. O proxecto da Lei xeral de telecomunicacións aprobouno o Pleno do Congreso dos Deputados o día 2 de abril do 1998.

³ *REDETI, Revista del Derecho de las Telecomunicaciones e Infraestructuras en Red*, editorial Montecorvo. Revista sectorial de estudos xurídicos e regulatorios do mundo das telecomunicacións e outras infraestruturas con forma de rede.

intervención achegou unhas imprescindibles nocións xerais sobre as claves da liberalización das telecomunicacións en Europa a partir de 1984 cando o Consello de Ministros de Telecomunicacións manifestou o seu desexo de terminar cos monopolios, liberaliza-los servicios e crear unha rede máis avanzada, é dicir, adecua-las regras da competencia a este sector. A harmonización e a liberalización serán os dous eixes fundamentais sobre os que xirará todo o proceso e o *Libro Verde* de 1987⁴ converterase na súa peza clave. O sector das telecomunicacións, ó igual que moitos outros, encádrase nun nivel global definido pola Organización Mundial do Comercio (auténtico organismo regulatorio que leva a cabo todo o proceso de liberalización), en concreto polo acordo xeral de comercio e servicios aprobado o 15 de abril de 1994. A partir de aí, todos aqueles estados que asinaron o dito acordo comprometéronse a que o 1 de xaneiro de 1995 e o 5 de febreiro de 1998 tódolos servicios de valor engadido e as telecomunicacións básicas, respectivamente, quedasen liberalizados. Todo iso tendo en conta as limitacións marcadas polas propias leis nacionais. A pesar das dificultades, é un feito innegable que a liberalización das telecomunicacións desde o punto de vista global está sendo unha realidade para, aproximadamente, un 94% do volume do mercado. Segundo o relator, a dixitalización e a fotónica contribuíron notablemente á aceleración deste proceso, o cal, convén non esquecer, ten como condicionante fundamental a *prestación do servicio universal* que marcará o desenvolvemento dos acontecementos. Trátase de asegurar que tódolos cidadáns teñan dereito a acceder ós servicios da sociedade da información a prezos asequibles.

Outro aspecto importante e no que se insiste de forma especial é o da interconexión. A clave da liberalización está no acceso ós clientes por igual para tódolos competidores. España neste punto vese seriamente prexudicada con respecto a outros países da Unión Europea debido á gran dispersión da poboación que incide notablemente na cota de abonamento.

Existen dous modelos neste proceso de liberalización, ningún deles totalmente válido:

- a) Liberalización das telecomunicacións creando unha rede propia (modelo británico).
- b) Non se constrúe rede, o valor engadido prodúcese sobre a rede existente.

⁴ O 16 de decembro do 1987 a Comisión Europea dá a coñece-lo *Libro Verde sobre el desarrollo del Mercado Común de los Servicios y Equipos de Telecomunicaciones*, produto de reflexións de anos pasados, no que se contén unha serie de principios xerais que determinarán o marco lexislativo futuro do sector das telecomunicacións. No dito libro propoñíase unha ruptura parcial do monopolio e unha separación entre os servicios de telecomunicacións.

A regulación europea, ó adoptar este último modelo aproveitando as redes existentes, favorece pouco a creación de novas infraestruturas e polo tanto do emprego; pérdense así postos de traballo e calidade nas redes. Neste sentido, Europa camiña cara a unha apertura do mercado con moitos riscos e defectos. Para solucionarlos é necesaria, en opinión do relator, a converxencia.

Os operadores como Telefónica enfróntanse a serios problemas como a responsabilidade do servizo universal, ofrecer interconexións a outros operadores, entrar na converxencia e achegar solucións á sociedade da información. En definitiva, acepta-lo reto da globalización cambiando a cultura anterior cara á cultura da competencia e todo iso sen deixar de maximizár-lle-la calidade ós clientes mellorando a capacidade de xestión.

Para poñerlle fin á súa intervención e tras un breve pero interesante coloquio, o relator realizou unha brillante exposición dun estudio comparativo sobre a liberalización das telecomunicacións nos países da Unión Europea. Mentres o Reino Unido foi o primeiro país en poñerlle fin ós monopolios no ano 1984 cunhas tarifas de interconexión moi baixas e o control mediante licencias, en países como Francia, Italia e Alemaña, o proceso foi moito máis lento.

A sesión da tarde centrou a súa atención no panorama actual das telecomunicacións no noso país. **D. Heliodoro Alcaraz García de la Barrera**, avogado e director xeral dos Servizos Jurídicos de Telefónica, S.A. falou da Lei xeral de telecomunicacións e dos «Títulos habilitantes para operar en telecomunicacións. Autorizacións xerais e licencias individuais». O relator comezou a súa intervención sinalando que o sector das telecomunicacións se constituíu no noso país a través da técnica lexislativa do monopolio, feito que marcou o seu inicio e posterior evolución. A explotación do monopolio realizouse a través dunha sociedade (Telefónica de España, S.A.) e por un conxunto de normas instrumentais que determinaban o seu desenvolvemento. Na evolución da regulación das comunicacións estes elementos delimitaron o camiño, e a integración de España en Europa dinamizou o proceso.

A auténtica posta en marcha da regulación das telecomunicacións e o inicio do proceso liberalizador no noso país, prodúcese coa Lei de ordenación de telecomunicacións do 1987⁵ (LOT) en paralelo co *Libro Verde* e de acordo cos principios nel recollidos. Esta lei liberaliza os terminais e determinados servizos de comunicación (servizos de valor engadido). No ano 1992 modifícase a LOT profundizándose nesa tendencia liberalizadora das telecomunicacións⁶. No 1997 apróbase a Lei 12/1997 do 24

⁵ Lei 31/1987, do 18 de decembro, de ordenación das telecomunicacións.

⁶ Directiva 90/388/CEE, do 28 de xuño, relativa á competencia dos mercados de servizos de telecomunicación. Directiva 90/387/CEE, do 28 de xuño, relativa ó

de abril de liberalización das telecomunicacións, que ten como elemento diferencial a creación dun órgano con personalidade xurídica, a Comisión do Mercado de Telecomunicacións (CMT)⁷, a finalidade principal da cal é a de salvagarda-las condicións de competencia efectiva no mercado das telecomunicacións, velar pola correcta formación dos prezos e exercer de órgano arbitral nos conflitos que xurdan no sector. A Lei 11/1998 xeral de telecomunicacións (LXT) é herdeira de toda a lexislación anterior pero introduce modificacións de tal importancia que transforma o panorama das telecomunicacións radicalmente. Estas pasan a ser «servicios de interese xeral que se prestan en réxime de competencia»⁸. O cambio no réxime de explotación non é o máis significativo senón que a noticia realmente importante hoxe é a transformación de servicios públicos a servicios de interese xeral. Prodúcese un cambio na definición e na concepción do mundo das telecomunicacións.

Esta lei rompe con anteriores clasificacións. Xa non hai servicios finais, de valor engadido, etc. agora só existen, desde o punto de vista xurídico, servicios de telecomunicacións e redes. Ou se é un operador de telecomunicacións ou se é un operador que establece e/ou explota unha rede. Isto vai determinar que a lei se oriente só a tres tipos de axentes: operadores, establecedores de redes e usuarios.

Promove-la competencia, garanti-lo seu cumprimento e determina-las obrigas de servicio público, son os principais obxectivos da lei. Sen embargo, as telecomunicacións –que xa non son servicios públicos– non deixaron de someterse a unhas condicións. Estas obrigas de servicio universal márcanse en tres coordenadas: extensión dunha rede de teléfonos fixa, garantía do establecemento dunha información xeral e atención especializada ós discapacitados psíquicos. As ditas obrigas nun mundo liberalizado teñen un custo que xa non vai ligado a rendas monopolistas. A lei fórmulase a forma de financiarlas partindo dun operador dominante ata o 2005, Telefónica S.A. como sociedade operadora. Prevese que as obrigas de servicios universais as desenvolva o operador dominante pero coa posibilidade de que os novos axentes poidan realizalo tamén con carácter parcial. Con tal finalidade regúlanse uns mecanismos de licitación.

establecemento do mercado interior dos servicios de telecomunicacións mediante a realización da oferta dunha rede aberta de telecomunicacións.

⁷ O réxime xurídico da CMT está recollido na *Lei 12/1997 do 24 de abril, de liberalización das telecomunicacións*, e no *Regulamento da CMT*, aprobado polo *Real decreto 1994/1996 do 6 de setembro*. Trátase dunha entidade de dereito público, que ten personalidade xurídica e plena capacidade pública e privada no exercicio das súas funcións, e que se rexe polas súas propias normas. *Vid. disp adic. 10 da Lei 6/1997 do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado* (*Vid. www.cmt.es*).

⁸ *Vid. art. 2 da Lei 11/1998, do 24 de abril xeral de telecomunicacións.*

En opinión do relator, a lexislación actual vains perturbar en exceso. Existe na nova lei unha falta de síntese ou concreción no concepto de servizo universal, o que provocará unha inseguridade xurídica.

Respecto ós títulos habilitantes para operar en telecomunicacións, é este un dos cambios máis significativos da LXT. A lei anterior (LOT) non establecía nada ó respecto, esta si o fai e ademais desde o punto de vista do réxime de explotación do mercado. O artigo 6^º declara que a prestación de servizos e o establecemento ou explotación de redes de telecomunicación poderá realizarse ben mediante autoprestación ou ben a través da súa oferta a terceiros, en réxime de libre competencia.

Para a operación no mercado adquire importancia o título habilitante –como porta de saída pola cal os operadores poden competir–. Desde a Unión Europea tratouse de homologar tódolos títulos e autorizacións xerais para preservar a libre competencia¹⁰. O título habilitante xorde como unha condición necesaria para a explotación dos servizos. Pero a Administración non é libre para conceder as licencias e autorizacións xerais, senón que se outorgarán de forma regulada atendendo a unha serie de criterios; se estes se cumpren e asumen é obrigado para a Administración adxudicalos.

A LXT esqueceuse de defini-lo que é autorización xeral e licencia. Para iso temos que remitirnos á lexislación comunitaria, en concreto á Directiva 97/13/CE¹¹. Por outro lado fanse constantes remisións á Lei de contratos do Estado seguindo o procedemento administrativo do réxime de concesión de licencias e autorizacións xerais¹².

O Sr. D. Juan Miguel de la Cuétara Martínez presentou o segundo día das xornadas a **D. Javier Cremades García**, avogado, secretario xeral de ADETI e profesor universitario, gran coñecedor da normativa reguladora das telecomunicacións. A «Interconexión como peza clave das telecomunicacións en competencia» foi o tema dun relatorio que despertou enorme curiosidade e interese entre o público asistente. A interconexión é, sen dúbida, un elemento imprescindible para o funcionamento da competencia no mercado das telecomunicacións. É necesaria porque permite a entrada de novos operadores, maximiza o rendemento das redes, permite

⁹ Art. 6, título II da *Lei 11/1998 xeral de telecomunicacións*.

¹⁰ A Directiva 97/13/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 10 de abril, sobre un marco común de autorizacións xerais e licencias individuais (*DOCE* 07/05/97), mediante a que se insta os estados membros a establecer un sistema de servizos e o establecemento de redes de telecomunicacións.

¹¹ *Vid.* cita n.º. 9.

¹² *Vid.* Directiva 93/38/CEE do Consello sobre coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, enerxía, transportes e telecomunicacións (*DOCE* 09/08/93). Recentemente modificada pola Directiva 98/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro do 1998 (*DOCE* 01/04/98).

dedica-lo investimento de capital á mellora dos servicios, incrementa o «valor» das redes ó aumenta-la oferta dos servicios e evita a duplicidade innecesaria de infraestructuras. Respecto ó réxime xurídico aplicable á interconexión, remítese ó capítulo IV da LXT (art. 22-29) e ó Regulamento de interconexión¹³. Coa axuda dunhas diapositivas que facilitaron notablemente a comprensión dun tema tan complexo, o relator realizou unha didáctica exposición sobre os acordos de interconexión. As súas conclusións foron as seguintes:

- Os acordos de interconexión son técnica e comercialmente complexos.
- O factor tempo é un elemento crucial (neste momento todos buscan una cota de mercado porque despois as posicións estarán xa consolidadas).
- Hanse de separar completamente aspectos técnicos e comerciais.
- Interacción regulador-operador.
- Marco xurídico claro e preciso.
- Discriminación positiva (en opinión do relator as tarifas de interconexión son ó día de hoxe discriminatorias e desproporcionadas para Telefónica).
- Recurso á vía xudicial/autoridades de defensa da competencia.

A competencia na telefonía móbil e na fixa foron os temas que, a continuación, se puxeron sobre a mesa. Os ditos relatorios correron a cargo de D^a. M^a. **Luisa Rodríguez López**, avogada e secretaria xeral de Telefónica Servicios Móviles, S.A. e D. **Jesús Pelegrín Cabanes**, xerente da Agrupación de Operadores de Cable, respectivamente.

No referente á telefonía móbil, servicio de vital importancia no día a día dos cidadáns e das empresas, realizouse, a modo de introducción, un breve repaso á súa historia para proceder logo á súa definición, análise e clasificación. A relatora centrouse sobre todo no futuro da telefonía móbil. Os servicios móbiles defínense como aqueles servicios de telecomunicacións onde a transmisión e a recepción do sinal se fai nuns puntos de terminación de rede que non teñen unha situación xeográfica fixa; son móbiles porque están soportados no dominio público radioeléctrico. Ante a multitude de clasificacións posibles, a máis práctica para coñece-los servicios móbiles será a que distingue as tres grandes categorías de servicios actuais: os servicios de telefonía móbil automática, os de radiomensaxería e os de radiocomunicacións en grupo pechado de usuarios. Tras un superficial estudio da historia dos servicios da telefonía móbil automática e a análise do seu mercado, o debate centrouse no futuro dos deno-

¹³ Real decreto 1651/1998, do 14 de abril, polo que se desenvolve o título II da LXT, no relativo á interconexión e ó acceso ás redes públicas e á numeración (Regulamento de interconexión).

minados servicios m3viles de terceira xeraci3n. Desde a Uni3n Europea pret3ndese a consecuci3n dun servico que sexa, ante todo, universal e que permita que un usuario do servico de telecomunicaci3ns poida moverse por todo o globo cun s3 terminal e n3mero. O sistema basearase nunha grande amplitude de banda permitindo a absoluta converxencia de servicos e posibilitando o uso combinado dos compo3nentes terrestres e de sat3lites.

A directiva comunitaria (en proceso de elaboraci3n) que vai delimitar os par3metros dos servicos m3viles de terceira xeraci3n, def3neos e enum3raos no seu anexo primeiro: servicos de telefon3a de alta calidade, os servicos de v3deo e de acceso a internet por tecnolox3as m3viles sostidas en dominio p3blico radioel3ctrico.

3 sector da telefon3a m3bil aug3raselle un grande 3xito comercial e unha enorme incidencia no desenvolvemento da econom3a dos pa3ses europeos e no 3mbito mundial; as3 conv3rtese en instrumento fundamental da liberalizaci3n da econom3a.

Con respecto 3 «*Competencia na telefon3a fixa*», despois de realizar un breve repaso 3 sector do cable trala liberalizaci3n en Espa3a e no 3mbito mundial, estudiouse polo mi3do qu3n 3 qu3n no complexo mundo dos operadores de cable. TELEF3NICA (principal actor do mercado), AIRTEL¹⁴ (operador de telefon3a m3bil e no futuro fixa cunha cota de mercado alcanzada do 22%), RETEVISI3N¹⁵ (operador global, con servicos en chamadas interprovinciais, internacionais e provinciais; telefon3a m3bil e cunha cota de mercado actual do 8%), EUSKATEL¹⁶ (operador global, 21% do mercado vasco), UNI2¹⁷ (operador de telefon3a b3sica, eliminou o cobro 3 cliente do establecemento de chamada; cota de mercado prevista para o 2008 do 7,5%). Despois de mencionalas novas licencias da liberalizaci3n (A, B1, B2, e C) e chegar cifras moi interesantes

¹⁴ AIRTEL. Comezo do servico no ano 1995; n3. de clientes: 1.800.000; cobertura do servico do 98%; empregos directos: 2500; 6000 indirectos; investimentos no ano 1998 de 300.000 mill3ns.

¹⁵ RETEVISI3N. Comezo do servico o 23 de xaneiro do 1998; n3. de abonados: 7000.000, dos que 140.000 son empresas; ingresos do negocio da telefon3a: 25.000 mill3ns. Cadro de persoal de 1748 en outubro. Previsi3ns: acceso directo antes da fin do outono, investimento comprometido de 130.000 mill3ns no 1998 e 248.000 mill3ns ata o 2007.

¹⁶ EUSKATEL. Comezo do servico o 23 de xaneiro do 1998; 16.000 clientes; investimento comprometido en 10 anos de 105.000 mill3ns de pesetas; previsi3n de facturaci3n (2007) de 48.000 mill3ns de pesetas; previsi3n de altas de li3as (2007) de 300.000.

¹⁷ UNI2. Inicio do servico previsto para o 1 de decembro do 1999; acceso directo en xu3no do 1999; servico en 43 cidades no ano 1999, 63 no 2000 e t3dalas de m3is de 50.000 habitantes antes do 2001. Investimentos previstos de 207.000 mill3ns en 10 anos; capital social de 84.000 mill3ns.

á vez que ilustrativas do sector do cable no mundo e en España, sinalou as súas principais fortalezas e debilidades. A gran capacidade da rede, a dispoñibilidade de servicios integrados (telefonía, televisión, internet), unha programación audiovisual flexible con integración de múltiples servicios, menos susceptibilidade a interferencias e maiores servicios ó usuario, son as súas virtudes principais. Por outro lado, necesita uns investimentos demasiado custosos, é un mercado aínda incipiente o que provoca unha indefinición no escenario da competencia, e a súa implantación é lenta fronte a outras tecnoloxías.

As posibilidades do sector son múltiples, desde servicios de comunicación (telefonía residencial e empresarial, servicios de datos, teletraballo), servicios de acceso (*pay per view*, xogos, servicios de información, vídeo *on demand*, distribución de TV) ata servicios transaccionais (tenda na casa, transaccións de negocios, banco na casa).

As diferencias do operador de cable respecto a outros operadores son importantes: dispón dunha tecnoloxía multimedia dixital cun cento de servicios integrados; alta capacidade, velocidade e fiabilidade; diferenciación de servicios «productos baseados na mobilidade e a imaxe, que é onde está o futuro»; aposta pola calidade e paquetes integrados; estúdiasi intensamente, aínda que é cedo, a tendencia cara a tarifas planas; acordos con outros operadores de ámbito nacional para prestación de servicios globais, non só locais. Pero o sector do cable encóntrase cunha serie de trabas que dificultan o seu desenvolvemento, tales como unha regulación non axeitada, existencia dunha discriminación fronte ó operador dominante, a moratoria virtual, a interconexión, a infraestrutura ICAT e o réxime especial de TESA.

O último relatorio das xornadas correspondeulle a D. Javier Gerboles de Cádiz, avogado e secretario xeral de CYC Telecomunicaciones Madrid, S.A. co tema «*Estudio especial das redes territoriais*». O relator sinalou, en primeiro lugar, que o réxime do cable non foi modificado pola Lei xeral de telecomunicacións de 1998. Na dita lei non se mencionan en ningún momento os operadores de cable e as demarcacións territoriais non sufriron ningunha variación. O Real decreto 1652/1998¹⁸ establece un rexistro especial de operadores de cable. O servicio de telecomunicacións por cable está regulado no Real decreto 2066/1996, polo que se aproba o Regulamento técnico e de prestación do servicio de telecomunicacións por cable (BOE 26/9/96). O Consello de Ministros, o pasado día 4 de de-

¹⁸ Real decreto 1652/1998, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento dos rexistros especiais de titulares de licencias individuais e de titulares de autorizacións xerais para a prestación de servicios e para o establecemento e explotación de redes de telecomunicacións; e o Regulamento do procedemento de portelo único para a prestación de solicitudes ou notificacións dirixidas á obtención dos ditos títulos.

cebros, aprobou a proposta da CMT, ampliando a moratoria imposta a Telefónica para iniciar a prestación do servizo de telecomunicacións por cable pasando de 16 meses, contemplados na Lei 12/97, de liberalización, ós 24 meses.

O relator fixo referencia ó caso especial da Comunidade de Madrid, dividida en tres demarcacións (cun mínimo de 50.000 habitantes por demarcación): Madrid Norte, Madrid Sueste e Madrid Sudoeste (a sociedade adxudicataria deste é CYC-Madridtel). O adxudicatario no caso da demarcación de Galicia é o Grupo Cable.

Curiosamente, España dispón do sector do cable máis moderno do mundo e a pesar diso a súa implantación é aínda lenta respecto a outros países.

O futuro dos operadores de cable, en opinión do relator, preséntase optimista xa que este sector ten un elemento diferenciador, unha forma de comunicación diferente. Nos próximos anos haberá un grande operador de cable de longa distancia como Telefónica e logo pequenos operadores territoriais.

Como colofón das xornadas o Sr. D. Juan Miguel de la Cuétara Martínez expuxo un breve informe, a modo de balance final, sobre os temas discutidos. Como elemento principal destacou a nova filosofía de servizo universal que ha de ser compatible coa competencia e o papel da CMT, como peza clave en todo este proceso, pola súa profesionalidade e bo facer nesta materia.

A clausura oficial das xornadas correu a cargo de D. Jesús Pérez Varela, conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia quen, tras felicitala EGAP e en especial o seu máximo responsable, D. Domingo Bello Janeiro, polo acerto na elección dos relatores, fixo un breve comentario sobre a importancia da LXT.

Durante a realización destas xornadas, voces autorizadas analizaron esta importante lei e someteron a exame as posibilidades derivadas da nova situación obrigando a unha profunda reflexión sobre o complexo mundo das telecomunicacións. Ó mesmo tempo sentáronse as bases para futuros encontros que afonden, se cabe en maior grao, sobre esta apaixonante materia. ■